

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS NO ÁMBITO DESTA UNIVERSIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, en calidade de axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde, formalizou coa Universidade da Coruña (UDC) en data 03.02.2021 o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura, susceptibles de prórroga.

Que o dito instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes de cara á planificación e desenvolvemento das campañas de fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito da UDC, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a doazón de órganos e tecidos.

A través deste instrumento as partes acordan promover campañas colectivas de doazón nos centros docentes que forman a UDC, que se levarán a cabo cunha periodicidade anual e en dúas fases diferencias, dirixidas tanto ao alumnado como ao persoal docente, investigador, de administración e servizos da universidade, e persoal externo contratado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Dunha banda, nos fins de actuación que a axencia ten recoñecidos nos seus estatutos, e que pasan por asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade e seguridade debidos. Dentro destes fins, a axencia desenvolve, entre outras competencias, a de conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical, así como promover a participación activa doutras institucións galegas nas políticas de promoción da doazón.

E doutra banda no propio compromiso da universidade, manifestado dende hai anos nas sucesivas colaboracións que, neste campo, ven mantendo coa axencia.

Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns. Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

